



UN URÓLOGO DO CHUVI REALIZOU O PRIMEIRO ESTUDO COMPILATORIO SOBRE A HISTORIA DA SANIDADE EN VIGO

- ***O doutor Fernando Domínguez ven de presentar a súa tese doutoral, que investiga as orixes da medicina civil municipal, desde as primeiras institucións da Caridade e a Beneficencia ata as Asistenciais***
- ***Os dous primeiros hospitais civís municipais con capacidade para atender aos pacientes de xeito eficaz foron o Hospital Elduayen e os Pavillóns Sanitarios***
- ***Unha das conclusións desta investigación confirma que a causa máis frecuente de mortalidade no período estudado foi a tuberculose***
- ***O perfil do paciente hospitalizado era o de unha moza prostituta, da periferia de Vigo ou do rural da provincia, que ingresa por unha Enfermidade de Transmisión Sexual***

Vigo, 11 de xaneiro 2021. O facultativo especialista en Uroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Fernando Domínguez Freire, ven de presentar a súa tese doutoral sobre a historia da Sanidade en Vigo. O estudo, titulado “*Evolución del Pensamiento médico de entresiglos (1878-1932) en Galicia: de la Caridad a la Asistencia. El caso de Vigo*”, foi presentado na Facultade de Filosofía da Universidade de Compostela e cualificada con “sobresáinte cum lauden”.



O traballo de investigación estuda as orixes da medicina civil municipal na cidade de Vigo e os cambios no pensamento médico imperante nas diversas épocas, partindo das Institucións de Caridade, pasando polas de Beneficencia – reservadas ao pobresa – ata chegar ás Asistenciais, cunha cobertura poboacional moito máis xeneralizada.





1895, orixe da medicina civil

O desenvolvemento do estudo divídese en dous bloques: no primeiro, abórdase o *Socorro Sanitario* en Vigo ata o último terzo do século XIX, momento en que ao amparo da lexislación vixente en todo o territorio español xurdiron os primeiros recursos sanitarios de ámbito municipal. No segundo bloque, estúdase a atención médica prestada no Hospital Elduayen e nos Pavillóns Sanitarios. Ademais, coa información obtida elaborouse unha descrición da sociedade viguesa, a través da asistencia sanitaria, ata 1932.

Segundo explica o autor da tese, o doutor Fernando Domínguez, “entre as conclusións fundamentais cabe subliñar en primeiro lugar, que esta investigación determina a orixe da medicina civil municipal en 1895, cando se pon en funcionamento o Laboratorio municipal e o “Cuarto de Socorro”, primeira porta de Urxencias que tivo a cidade, situada nos baixos do Concello na Praza da Constitución”.

Tense noticias de hospitais na Vila de Vigo desde o século XVI. O primeiro foi o *Hospital de Pobres y Obra Pía*, que baixo a xurisdición eclesiástica prestaba asistencia aos pobres e peregrinos. No século XIX, a *Casa da Beneficencia* (emprazada no antigo convento de San Francisco) xa marca o inicio da secularización da medicina, na medida en que as autoridades civís substitúen ás ordes relixiosas no goberno destas institucións. Finalmente, aparecen os hospitais asistenciais xa entendidos como institucións dos poderes públicos. En Vigo, o Hospital de Elduayen (1895) foi o primeiro hospital asistencial eficaz, que ven a substituír á *Casa de Beneficencia*.

Tuberculose e Enfermidades de Transmisión Sexual

No segundo bloque da investigación preséntanse os resultados dun estudo estatístico descritivo da sociedade viguesa levado a cabo co rexistro dos enfermos ingresados nos dous primeiros hospitais con capacidade para atender aos pacientes de xeito eficaz: o Hospital Elduayen e os Pavillóns Sanitarios, entre 1896 e 1932.

“O vacío documental existente non permite cuantificar a atención médica ata 1896. A partir de entón, dispónse dos rexistros completos de estancias nos hospitais municipais. Os resultados obtidos e a súa análise crítica permitíronnos extraer conclusións inéditas ata o momento sobre a evolución da medicina municipal de Vigo e comparalos con estudos levados a cabo noutras localidades galegas e do resto das comunidades autónomas”.

Neste contexto pódese subliñar algunhas das conclusións do estudo de morbimortalidade desa época. Así, a causa máis frecuente de mortalidade era a tuberculose. A esta patoloxía séguenlle a pneumonía, politraumatismos, bronquite e gastroenterite. O perfil máis frecuente de paciente que requiría de ingreso hospitalario era o de unha muller, moza, de profesión prostituta, con orixe na periferia de Vigo ou no rural da provincia de Pontevedra, que ingresa por unha Enfermidade de Transmisión Sexual. Tras as ETS, as patoloxías de ingreso máis frecuentes eran as enfermidades infecciosas e as do aparello dixestivo.





Ademais, a investigación revela que neses 36 anos que comprende o estudo, rexistráronse 13.151 estancias hospitalarias. Un 60,98% eran mulleres, e a idade media das persoas ingresadas foi de 30,96 anos. A estadía media era de 36,75 días. Entre as profesións máis frecuentes dos paciente: prostitutas, xornaleiros, serventas e mariñeiros.

Porto de Vigo

O estudo reflicte tamén que un 11% dos pacientes hospitalizados eran estranxeiros, de 43 nacionalidades diferentes. “Este dato supón unha porcentaxe máis alta de pacientes estranxeiros que do resto de España, excluindo aos galegos, o que pon de manifesto a importancia do Porto no desenvolvemento urbano de Vigo. Tras os portugueses, a maioría procedía de países suramericanos e da Illa de Cuba, aínda española ao principio deste estudo, a onde viaxaban e regresaban constantemente os buques que atravesaban o Atlántico. A forte vinculación social e o gran número de liñas transatlánticas, con orixe e destino no porto de Vigo, xustifican estes datos”.

